

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE XANEIRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de xaneiro do dous mil vinte, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

Antes do inicio da orde do día o Sr. Alcalde lamenta en nome da Corporación a perda da vida dunha muller na Pastoriza vitima da violencia de xénero.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIORE CORRESPONDENTE Á SESIÓNS 30 DE DECEMBRO DO 2019

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación do Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a acta da sesión de 30 de decembro do 2019.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.12.2019 ao 21.01.2020)

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de decembro de 2019 ao 21 de xaneiro do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3. MOCIÓN DO PSOE CO MOTIVO DO DESMANTELAMENTO DA SANIDADE PÚBLICA QUE VÉN DESENVOLVENDO O GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN O PECHE DOS PARIDOIROS NOS HOSPITAIS COMARCAIS

O ditame é favorable á moción, por seis votos a favor (Grupo municipal Socialista) e catro abstencións (Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“O Concello de Monforte insta á Xunta de Galicia a:

1º) Aclarar se van a estender a decisión de recortar os servizos de paridoiros noutros hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente no de Monforte.

2º) Poñer en marcha accións concretas para reverter a política de perda de servizos sanitarios do rural, coa adopción de medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio e contribúa deste xeito ao asentamento de poboación no rural. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo que vaise acumular o debate desta moción e da do BNG aínda que se voten por separado.

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio Sánchez manifestando que está diante dunha iniciativa semellante á presentada polo BNG. Igualmente fala do tempo para defender a

dúas iniciativas e manifesta que se non lle chega o tempo que haxa flexibilidade por parte da alcaldía.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que como son dous temas que versan sobre o mesmo asunto, se acumula o debate. Duplicar o tempo non o permite a norma.

Segue intervindo D. Emilio Sánchez dando lectura a súa moción. Di que sobre o tema sanitario xa se ten debatido de abondo. Neste país as políticas da Xunta é ter cidadáns de primeira e segunda.

Intervén D^a Isabel García dicindo que efectivamente se está a falar de dúas mocións que versan sobre o mesmo. Fala da moción presentada polo equipo de goberno que fala dun tema. Di que quere poñer en voz ao doutor Félix Ruibal que foi anos director xeral de asistencia sanitaria, foi convidado pola plataforma sanitaria ao hospital e, dende aquel momento anunciou que en Monforte no paridorio, os profesionais do hospital de Monforte non tiñan capacidade suficiente para facer un parto nas debidas condicións. Naquel momento estaba na mesa algunha das persoas que máis entende de saúde sanitaria, dicíndolle a ese señor que tamén era médico e que un parto é un acto biolóxico, non estamos a falar de transplantes. Manifesta que di esto porque é importante centrar estas cousas. Pide tanto ao BNG como ao PSOE poñer unha engádeda “in voce” en ámbalas dúas mocións, coincide na primeira parte do texto coa que figura no BNG no último punto. *(Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Monforte de Lemos á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido)* Pide engadir a ese texto e que figure todo o texto: convocando un acto público debidamente anunciado para pedir o compromiso á cidadanía a súa presenza en Santiago o día 9.

Di que houbo en Verín un xinecólogo valiente que chamaou a un xuíz para atender un parto.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que o seu grupo considera que todas as mocións da sanidade pública son oportunistas e electorais. Fala dunha reunión mantida co xerente de Lugo, onde se lle aseguraba que o paridorio de Monforte non se pechaba e se levarían varias melloras. Os motivos do peche son técnicos sanitarios, faltaban por cubrir as prazas de pediatría. A situación do noso hospital é ven distinta afortunadamente. O hospital de Monforte ten un plan director cun investimento de 15 millóns de euros. Sinala que vaise reformar o 100% de todo o hospital, as prantas de ingreso dos pacientes, o proxecto de reforma integral contempla a construción dun novo hospital de día de oncoloxía. Segue falando da reforma do hospital de Monforte e das súas melloras. Di que se un goberno autonómico ten unha inversión de 15 millóns dende logo non hai desmantelamento, polo que cren que a moción presentada non é a axeitada. Para loitar en contra do despoboamento rural, é necesario

dotar ao rural de servizos públicos pero tamen é necesario dotar ao rural de axudas ao emprendemento. Recentemente, a través do IGAPE, se concederon axudas de aproximadamente de 100.000 euros para emprendemento no rural, a Xunta si que se preocupa para que o rural non se despoble. Continúa a falar da inversión que se vai facer no hospital, dicindo que o orzamento no ano 2020 ascendeu a 4.109.000 millóns de euros 121,7% máis que o ano anterior. En gasto de persoal é de 43,4% do orzamento para persoal, responde ao incremento de prazas de atención primaria. O orzamento do 2020 permitirá a dotación de 407 novas prazas.

Intervén D. Ibán Torres falando do oportunismo e electoralismo do Partido Popular. Os novos pediatras de Verín chámanse “eleccións autonómicas”. Todo isto que vostede di, pero a realidade é como teñen vostedes a sanidade galega, está feita uns zorros e non hai por donde collela, unha proba dela son as dimisións dos xefes de servizo, expliquen porque esta xente dimite. Pechan paridoiros, deixan sen servizos a mulleres que distan máis de dous horas en chegar a Ourense. A atención primaria está baixo mínimo, amortizando constantemente prazas de médicos e persoal sanitario. Non cubren prazas. O emprego na sanidade galega é precario, realizando contratos de días, de semanas de meses, por iso os profesionais prefiren ir a outros sitios pola estabilidade laboral. Adecúan vostedes a listas de espera. O partido Socialista vai apoiar a manifestación do día 9 .

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que el non dúbida do traballo de dona Katherinie, di que non se fía. Di que aquí teñen experiencia suficiente para non fiarse, máis electoralismo que a que agora, vaise facer un plan director, prévese, mellorarase, non existía, faltando pouco tempo para as eleccións autonómicas. Pregúntase se isto é electoralista, ou se fai todo isto pola presión da veciñanza na rúa. Se non chega o 43% será o 45% o que hai que facer é dar o servizo. Fala de que a Xunta quere recentralizar os servizos nun hospital de referencia e ao mesmo tempo quere facer un plan de transporte que inda encima te levan a Lugo e despois para a xente que non ten posible lle recortan o transporte. Co tema do paritorio de Verín, os motivos polo que se pechaba eran ridículos . Pregúntase se os médicos aprenderon dunha semana para outra. Dille a dona Katherinie que entende que ten que defender ao seu grupo político, pero as razóns están aí.

Intervén D^a Isabel García dicíndolle a D^a Katherinie di que ela para a sanidade non fai diferenzas. Vostede falou de todo iso que lle contou o director de xestión de Lugo, Di que ela estivo na presentación en Monforte dese plan. Fala de que ela dixo fai un tempo, que iamos perder o servizo de telefonista de tarde e de noite, a día de hoxe non temos telefonía no hospital de Monforte. Di que atenden dende Lugo, así se irán tal como se vaian xubilando as persoas. A consulta de neuroloxía, cardioloxía, as está atendendo un internista. Non ten

ningunha crítica, alabanza aos internistas, pero non o especialista que o deriva o médico de cabeceira, está de acordo que podería botar unha man. O que non é lícito é enganar á cidadanía e non se fai ningunha criba. Sinala di que ela coñece casos de persoas moi xoves con estudos de cadros cerebrais e foron vistas por internistas, e iso non se pode facer.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que ten máis datos. Di que ao Partido Popular lle importa a sanidade pública. O primeiro que lle gustaría deixar claro é que os servizos públicos costan diñeiro e eses cartos veñen dos cidaadáns. Sinala que hai que facer unha xestión dos recursos eficiente. Efectivamente, o que está facendo o Presidente Autonómico é facer unha boa xestión dos recursos. Se fose electoralista non pecharía o paridoiro de Verín, ata fai moi pouco as mulleres morrían nos partos, mulleres e nenos, co que non é unha broma falar destas cousas. Fala da dimisión dos xestores, pode ser que haxa que facer unha xestión dos recursos, hai que tomar decisións valientes que traen crítica da cidadanía. Fala da atención primaria. En canto á contratación, entende que si que pode ser un punto débil, xa que soamente non pasa coa sanidade senón que pasa en todas as empresas. En toda esta moción apenas vése a contratación polo que non poden votar a favor.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que non vai entrar no fondo. Sinala que si tan ben está a sanidade neste país, porque saen os médicos todas as semanas a manifestarse. Non se pode negar a realidade e manterse impasible. Os profesionais se senten maltratados, pregúntenles. Fala de que non é moi lóxico contratos de media xornada, de luns a venres, para non pagar os fins de semana, e volver a contratalos o luns seguinte. Pódese intentar e non se pode dicir que non pasa nada. Di que cree que o rural tamén existe. Non é certo a metade das cousas que di dona Katherinie, estase xogando como saúde da xente, pero non pretenda con cifras e con datos, dicir que o que está pasando non está pasando.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que non ven aquí a xogar coa sanidade dos veciños. D^a Katherinie dixo que os impostos, hai que optimizar recursos non quere dicir que hai que recortar, danse as circunstancias que os impostos son iguais, e son de todos, pois entón porque vamos encher ós bolsillos á sanidade privada que está facendo un negocio paralelo á Xunta, se temos un servizo público de calidade non hai que derivar á privada, esos impostos. Fala de que non é electoralista, o de Verín foi un patinazo, un patinazo de libro. Fala do pasotismo do goberno da Xunta. Fala de que se van vir melloras, mellor iso, se se fai é porque se reclama e protesta e temos que defender esa realidade. Espera que realmente se vexan esas melloras.

Intervén o Sr. Alcalde agradecendo o recoñecemento que fixo dona Katherinie da boa xestión económica deste alcalde. Di que cre sinceramente que non debía

meterse en charcos porque nos exemplos que puxo estivo pouco afortunada. Presumiu aquí dun plan director do hospital, un plan director no que el estivo cando se veu presentar, falou de 14 millóns, acabou falando de 15 millóns. Di que lle sona, presentouse fai máis dun ano, a este goberno non vai darlle tempo a executalo, porque os galegos van opinar dentro de pouco. Está dicindo cousas, insultando, que iso obedece a un estado de nerviosismo, porque os ciclos rematan, é normal en democracia, tres lexislaturas está moi ben. Di esto do plan director, porque lle sona ao que presentou o outro día en Peares, onde estivo o compañeiro José Luis, por certo non tiña sitio onde sentarse, e Monforte é o primeiro Concello da Comarca, capitalidade da Ribeira Sacra, e non tiña silla, Con todo, outros si tiñan silla en primeiro lugar. Presentouse un plan teoríicamente de 34 millóns de euros, 14 para os Peares, fanse uns Peares novos. Fala de que á Deputación de Lugo foron uns técnicos da Consellería de Cultura que querían que lles dixera a Deputación o que ía incluír na Ribeira Sacra, pero eles non querían dar datos. Fala dunha reunión da responsable de turismo da Deputación coa Directora Xeral de Cultura, e lle di que non hai documento do Plan, este é o sumatorio das actividades que fan por consellerías nese territorio, o que che dan por axuda a domicilio, obradoiros de emprego, o PEIM, temas medioambientais, ese é o plan. Pregúntase onde están os 34 millóns para invertir, cales son os proxectos? Polo tanto o plan do hospital mentras non o vexa, no di que non sexa certo. Estes días saíu o Sergas falando das listas de espera de Monforte que eran das mellores do reino. As listas de espera é cando te dan vez, eso que te teña en espera meses, e logo te chaman, iso é unha burla. Fala dos servizos públicos, que claro que costan diñeiro, para iso están os impostos, os impostos en España están seis puntos por debaixo da media europea, co que non sabe quen se pode queixar do impositivo, pero os grandes que lle votan a vostedes se escapan. Durante a crise os ricos aumentaron moito a súa riqueza, pero hai un 25% de novos ricos, o que pasa é que están gastando moitísimo, isto é o que di o seu partido D^a Katherinie. Cando falamos de sanidade hai que ser moi prudentes, se algo temos dereitos como personas humanas, cando estamos enfermos temos dereito a ter todos a mesma atención, polo feito de ser personas. Sinala que os que están por nómina non poden escapar, cando falamos de autónomos, hai que ver que autónomos. Polo tanto, cando falemos de sanidade temos que ser moi rigurosos. Di que eles van apoiar a manifestación do día 9 en Santiago porque cren que neste momento a Sanidade Pública esta sufrindo un deterioro moi importante, convida a tódolos cidadáns a que acudan a Santiago, que manifesten pacíficamente o malestar pola situación que estamos a vivir.

Sometido a votación a enmenda “in voce” de D^a Isabel García, rexeitada por maioría con once votos en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, dous votos a favor dos concelleiros do grupo mixto e catro abstencións dos concelleiros do grupo municipal do partido popular.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros do grupo municipal socialista e os votos concelleiros do grupo mixto e catro votos en contra dos concelleiros dos concelleiros do grupo municipal do partido popular.

4. MOCION DO BNG PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (BNG) e nove abstencións (Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal Popular e Esperta Monforte), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“PRIMEIRO.-Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO.-Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos no hospital comarcal de Monforte.

TERCEIRO.-Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO.-Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO.-Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación, e evitar os traslados a Lugo.

SEXTO.-Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario, e dotar o hospital comarcal de Monforte dos medios necesarios para atender esa demanda.

SÉTIMO.-Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO.-Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres. Nomeadamente dos servizos de pediatría na nosa contorna.

NOVENO.-Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Monforte de Lemos á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido”.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros do grupo municipal socialista e dos concelleiros do grupo

mixto e catro vostos en contra dos concelleiros grupo municipal do partido popular.

5. MOCION DO PSOE CO MOTIVO DO PECHE ÁS FINS DE SEMANA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE MONFORTE

O ditame é favorable á moción, por seis votos a favor (Grupo municipal Socialista) e catro abstencións (Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1. Rexeitar os recortes no servizo público que viña prestando a Estación de Autobuses de Monforte de Lemos ós viaxeiros.

2. Instar á Xunta de Galicia a repoñer a situación anterior para manter aberta a Estación de Autobuses todos os días da semana.

3.- Esixir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que cumpra co investimento comprometido de 165.000 euros para a mellora nas instalación da referida Estación de Autobuses, tanto no seu aspecto interior como no exterior das instalación.

4.- Remitir este acordo do Pleno ó Presidente da Xuntade Galicia, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a todos os voceiros/as dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e á Presidencia e voceiros/as da Deputación Provincial. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que estamos diante dun episodio do rural. O plan de transportes de viaxeiros fai augas, dende o BNG se enmendou dende o parlamento. Fala de que están de acordo en optimizar recursos en función das necesidades sen que se perdar servizos, di que hai un círculo vicioso, non hai servizos porque non hai viaxeiros e ao revés. A estación de autobuses é un exemplo deste goberno mentireiro. Pregunta se estivo aberto os días 23, 24, 25, os días 30, 31 ou o día 1? Se é certo que se faga esa inversión. Fala de que isto deben seguir polo seu camiño e que se fagan esas inversión. Lamenta a situación e amosa o seu voto a favor desta iniciativa.

Fala que a xente que participa en política ten unha obriga de adiantarse aos acontecementos, é importantísimo o transporte interior, para que o medio rural poda funcionar, e que non se perda máis para intentar recuperalo.

Intervén D^a Isabel García manifestando o seu voto a favor. Di que así fan as cousas, empezan pechando pouco a pouco porque así a xente dase menos conta. Monforte terá que tomar nota destas cousas, destas actitudes, hai un lugar o día das votacións onde se debe de aplaudir ou denegar. O Goberno e

este pleno tamén teñen unha responsabilidade. Di que non pode acabar de entender porque o equipo do goberno non quixo atender a engádeda no punto anterior. Traése aquí unha moción para non adquirir un compromiso. Votan a favor o que pide o BNG, que vai a facer o equipo de goberno de Monforte para promocionar e difundir esta manifestación? Sinala que ela so pedía que se concretara esa actividade, para que se vira claramente que se está a defender a sanidade pública. Manifesta que non ten nada claro que vostedes teñen un compromiso.

Intervén D^a Katherinie Varela falando do falado polo alcalde sobre o tema dos Peares. Di que a inversión está prometida e fárase, di que é un 6% que se recauda aquí e no resto de Europa, en canto ás grandes fortunas, oxalá haxa máis Amancios Ortega que dean traballo, hai máis empregos públicos. Manifesta que Feijoo non discrimina ás cidades que non goberna. Sinala que a vostedes lles encanta dicirlle aos monfortinos que a Xunta dalle a espalda, si se informaran ben, estanse ofrecendo axudas e subvencións para emprendemento. Di que potenciar o rural tamén é fomentar que a xente se quere quedar alí darlle axudas ao emprendemento. Di que non se vai pechar a estación de autobuses. Fala de que a Xunta di que hai un prazo de alegacións. Da lectura da nota de prensa do delegado da Xunta.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a dona Katherinie que vostede sabe que vai todo tan ben. É máis doado falar do que din os demais. Que vai facer vostede? Vai votar en contra dos intereses de Monforte, dille que non busque excusas. Está votando en contra do reestablecemento de servizos. Falalle a D^a Isabel que di que este equipo non quere aceptar o compromiso. Compromiso do equipo do goberno ou para pedirlo a outros, iso de quererse quedar co titular. Vostede se vota algo é porque lle parece que esta ben. Vostede fala de convocar un acto, que é o que se vai tratar, non se poden aprobar así estas cousas, vains dicir vostede o programa. Convocar actos, unha corrida de toros é un acto público. Vostede o que quería era que votásemos un acto público. Dirixíndose a dona Katherinie dille que o proxecto foi enviado e se lle deu licenza e que despois da licenza non se volveu saber nada máis do asunto, por iso lle dixo se era unha inversión comprometida ou prometida. Dille que non volva dicir que non sabemos onde vivimos. Vai votar en contra, polo que votará en contra deste servizo.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que votar a favor desta iniciativa non ten inconvinte para que se fagan esas obras e que a estación de autobuses siga dando servizo. Contan mentiras, están mentindo o día 30, 31, e 1 non deu servizo, para saber si había servizo o día 1 para Lugo, di que el o viu cos seus ollos, mendigar pola estación de autobuses. Fala que se se mente nisto que é unha tontería como será noutras cousas. Di que el fiarse mou pouquiño. Non se fía porque moitos dos aquí presentes asistiron a unha xuntanza, do que se dixo

alí, pouco e de pouco a metade. Estemos alerta e oxalá que se leven a cabo esas obras e se restaure o servizo de autobuses.

Intervén D^a Isabel García dicindo que ela non dúbida da súa intelixencia dirixíndose ao Sr. Ibán Torres. O partido socialista estivo na reunión SSOO Galicia, e acordou difusión deses actos, e o equipo de goberno non o quere asumir, é a realidade. Non asumiron o compromiso e o BNG sí o asumiu. Sinceramente, vostedes non quixeron asumir ese compromiso pero queren quedar ben, con estas cousas é moi complicado hai que mollarse, ela pide máis que a puntaña dos dedos.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que o servizo está reestablecido, Fala de que houbo un problema coa xestión do persoal da empresa adjudicataria. Di que eles van pelexar para que a Xunta cumpra . Di que o seu traballo é presionar, eles non lle teñen medo o seu partido, sobre todo para que Monforte non perda servizos. Fala da abstención neste punto. O servizo existe vai haber unha obra de mellora das instalación e o Concello ten o seu momento para facer as alegacións das rutas de transportes.

Intervén D. Ibán Torres dando as grazas polo apoio á moción. Dirixíndose a D^a Isabel cando di que terxiversaba, vostede fala de convocar un acto público para pedir compromiso e presenza dos cidadáns, di igual se o pide vostede? Como será o poder de convocatoria. Di que el foi detrás de vostede na manifestación contra o peche do Hospital de Monforte, hoxe, di que non vai nin a atrapar moedas, vostede aquí pediu compromiso para a presenza dos cidadáns, non pode dicir que o equipo de goberno non se compromete.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Isabel que fala de mollarse, non quere dicir que o que vostede diga vaia arriba. Non acuse vostede aquí de nada, di que eles aceptaban unha parte e vostede pechouse en banda. O PSOE comprometeuse, o Concello non é o PSOE, o Concello é unha institución. Aquí é o Pleno do Concello e o goberno do Concello, ademáis di que el dixo que animaba aos monfortinos que foran a Santiago a defender a sanidade pública pacíficamente, pero non se pode confundir partido con institución. Di que el ás veces, animaría un pouco máis aos compañeiros, di que el ten ido a manifestacións ao hospital, concentracións, francamente podería vostede animar un pouco máis.

Diríxese a dona Katherinie Varela dicíndolle que si pensara ben o que di igual non o dicía. Vostede di que nós non queremos que a Xunta invirta en Monforte. Di que se pediu para arranxar camiños, para a depuradora, presentáronse proxectos, pero nada de nada. O Sr. Presidente da Xunta leva 4 anos, di que el lle pediu unha entrevista como alcalde, e inda hoxe non o recibiu. Teñen sorte os de Sober, o alcalde do Incio , en catro anos non tería un oco para recibir ao segundo alcalde da provincia de Lugo, esas son as bondades do Sr. Feijoo e

últimamente fala de que os demais teñen “jeta”. Di que se fixeron aportacións ao plan e se enviaron as alegacións, están enviadas. Si que se deu licencia, non sempre que hai unha licencia significa obras, cando se fará? Fala das marquesinas, esa marquesina era da estación de autobuses e a que ten do Morín e dunha estrada da Xunta. Non cre que proceda que o Concello repare as cousas da Xunta, que faga o que ten que facer. O Sr. Balseiro di iso e cousas peores, políticamente o coñece ben. Quén pechou foi vostede, se hai un problema dígao, a estación de autobuses vai estar pechada, o que fan vostedes é negar e minimizar.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros do grupo municipal socialista e dos concelleiros do grupo mixto e catro abstencións dos concelleiros grupo municipal do partido popular.

6. MOCION DO PP APROBACIÓN ENVIO DE REQUERIMENTO AO CONSELLEIRO DE ESTADO DE MEDIOAMBIENTE PARA QUE PARTE DOS FONDOS EUROPEOS PENDENTES DO ACTUAL PERIODO SE DESTINEN O SANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS, EN CONCRETO A DEPURADORA INSTALADA EN PIÑEIRA.

O ditame é favorable á moción, por dous votos a favor (Grupo municipal Popular) e oito abstencións (Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“O pleno municipal de Monforte de Lemos solicita ao Alcalde da cidade que se dirixa ao Secretario de Estado de Medio Ambiente e ao Ministerio de Transición Ecolóxica e solicite que se garanta a asignación de fondo FEDER xestionado pola Administración central á mellora do saneamento da cidade de Monforte de Lemos”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela di que xa se comentou na Comisión Informativa, porque se quedaron rectificadas as mocións presentadas polo PP, hai un erro en vez de conselleiro é Secretario de Estado.

Fala de que o saneamento é competencia municipal e en segunda instancia da Deputación. Un alcalde ten que xestionar a auga, cando se pide colaboración coa Xunta, a Xunta di que hai uns fondos que van destinados a Santiago, este grupo pediu no verán para que eses fondos se pidan para que veñan a Monforte. Continúa dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que o saneamento dunha cidade debería ser unha prioridade para calquera goberno. Di que van apoiar esta iniciativa. Cando se

votou en Europa este mesmo grupo votou en contra de que Galicia estivese no nivel 1 dos catro que hai, que esa necesidade de actuación, en detrimento do galego.

Intervén D^a Isabel García dicindo que se leva falado moito do mal estado do saneamento de Monforte e sobre todo da depuradora de Piñeira. Di que están a favor desta iniciativa. Sinala que ao seu grupo lle é indiferente, quen teña o problema se a Xunta ou o Secretario de Estado o importante é a deficiencia da depuradora.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que todo o que sexa pedir para Monforte lle parece ben. Cando se manipulan as cousas xa perde toda a credibilidade. Non se pode esconder a responsabilidade da Xunta, cal é a aportación da Xunta, unha administración non che da unha cousa se ti non poñes unha parte. Non vale disimiliar, nin enganar, nin tapar. Como dicía o Presidente Feijoo dentro do proceso de nervos que está pasando, di que habería que ter “jeta”. Cal é a inversión?. A “jeta” do Sr. Feijoo é monumental, facendo oídos sordos do Tribunal de Contas, ese tribunal di que a Sra. Ana Pastor paralizou contratos do AVE a Galicia o dí o informe do Tribunal de Contas, onde di claramente que esa sra. Ministra parou 113 expedientes que foron obxecto de suspensión. Fala das subidas dos peaxes algo que xa estaba asinado. Estos son os beneficios que o partido popular lle da a Galicia. Á Sra. Conselleira non lle interesa para nada Monforte, iso de que o saneamento é de competencia municipal, pero so ao 50% unha cousa é a xestión, iso si é, e se non ten capacidade o Concello a Deputación, pero si é unha obra nova non. O saneamento é municipal a xestión pero as obras non. O que está facendo a Xunta a este Concello é vergoñoso. Cada tres meses veñen analizar e da ben pero a calificación é desfavorable, teñen orde de poñer desfavorable, se están ben as mostras que poñan ben non desfavorable.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que eles son concelleiros do partido popular e eles van presionar para que o partido popular cumpra os seus compromisos con Monforte. Fala de que poñerse agora a falar de datos, 20 millóns de euros no Porto Seco, pregúntase se realmente a este alcalde lle interesa que a Xunta invirta en Monforte ou prefire o contrario?. Mellor que non volva o tripartito. Di que o sr. Alcalde di que o Sr. Feijoo está nervioso, igual está nervioso polo goberno de Madrid. Todo o ten que pagar a Xunta, vostede que fai con 700.000 euros que recauda da taxa de auga. En canto ás infraestruturas de auga se invertiron cerca de 4 millóns de euros. A xestión da auga é unha xestión do Concello, o resto das administracións deben colaborar. Pregunta se realmente vaise presionar para que veñan eses fondos para mellorar o saneamento de Monforte.

Intervén D. Emilio Sánchez repetindo que se hai esa posibilidade de facer iso en Monforte, hai que facer o que se poida.

Intervén D^a Isabel García dicindo que non escoitou ningunha resposta da exposición de motivos, xa manifestou na primeira intervención a intención do seu voto, segue agardando pola explicación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en política as cousas non son o que parecen, o que lle importa a Sra. Conselleira é a ría do Burgo, para tratar de disimular fala algunhas cousas doutros Concellos. A lei establece que son competencia do Estado as obras de interese xeral. Terían que vir por outra vía eses fondos para que se poidan destinar. Esta conselleira está “chuleando” ao Concello de Monforte. Dille a dona Katherinie que non pode falar de que como alcalde non fixo ningunha xestión, vostede que sabe, o que pasa é que non o ando contando en ningunha nota de prensa. A vostede non lle gusta que este alcalde faga xestións, dentro de pouco atoparemos unha solución para Monforte. Pídelles un favor que lle diga á sra. Conselleira que deixe de mentir e que nos devolva algo do que nos está estafando do canon da auga dende o ano 2012. O Concello de Monforte, non cobra o canon, o cobra a Xunta de Galicia. O Concello non cobra ningún euro de canon, levamos pagados máis de tres millóns e non recibimos nin un euro de devolución, e moito menos a depuradora de Piñeira. Di que el fixo xestións e seguirá facéndoas e haberá resultados.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que é interese xeral, estamos falando dos fondos FEDER fondos europeos, si que poden vir. Que a ría do Burgo lle interesa, tamén é importante. Fala de que a taxa da auga a cobra Aqualia, é unha empresa contratada polo Concello. Ese diñeiro se recauda, Aqualia asinou un contrato co Concello, 4 millóns de euros de inversión, fala da depuradora do Porto Seco, fala das inversións feitas pola Xunta neste Concello. Di que cre que se poden conseguir eses fondos, e non entende porque van votar en contra. Parécelle que non quere que a Xunta de Galicia faga unha boa xestión para os galegos, o único que importa é que outras administracións non fagan nada por Monforte.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo en que obras se gastaron 1.400.000 euros, diga vostede D^a Katherinie en qué obras? A depuradora do Porto Seco pagouse o 50% (200.000,00 euros) o Concello e a Xunta de Galicia, asinouse un convenio. Non pode dicir esas cousas, porque non son verdade, sexa prudente neste tipo de cousas porque a deixan quedar mal a vostede. Vai votar en contra da manipulación que fan. O diñeiro virá para Monforte pola vía que ten que vir non pola manipulación da Conselleira e non vai tardar moitos meses, pero non como quere manipular a Sra. Conselleira.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista e seis votos a favor dos concelleiros o grupo mixto e do grupo municipal do partido popular.

7. MOCION DO PP SOBRE A RESCINSIÓN DO CONTRATO VIXENTE DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E QUE SE PROCEDA A RESCATAR O CONTRATO DE FORMA INDEFINIDA.

O ditame é favorable á moción, por dous votos a favor (Grupo municipal Popular) e oito abstencións (Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Solicitamos ó pleno da corporación municipal que se aprobé o secuestro do contrato, de maneira que durante un período de tempo limitado, o Concello xestione o servizo, e se transcrido o prazo a empresa non é capaz de garantir as súas obrigas, se resolva o mesmo podéndose valorar nese intre a posibilidade de reverter o servizo co fin de facelo exclusivamente de titularidade municipal”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se tratará esta moción e a seguinte conxuntamente xa que versan sobre o mesmo, aínda que se votarán por separado.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que cambia a moción non sería “rescisión”, senón recaste do contrato vixente. Da lectura a súa moción.

Intervén D^a Isabel García dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que dende o BNG defenden públicamente o servizo da piscina e que se cumpran as obrigas cos traballadores da empresa. Di que se está a traballar. Primeiro hai un problema entre os traballadores e a empresa, o que é unha chantaxe en toda regra. Se hai un servizo que sexa normal, é grazas aos traballadores o que non se pode facer é como ferramenta de desgaste. Fala de que vai haber unha reunión para o vindeiro día 29, non hai máis tempo que perder, se a empresa non se pode facer cargo das nóminas dos traballadores, hai que diferenciar. Sinala que os motivos sobran para rescindir ese contrato, fala de que haberá unha persoa encargada para facer o seguimento do contrato, o contrato se incumpre sistemáticamente. Di que a moción do Partido popular non a vai votar a favor, non polo espírito da iniciativa, senón polo que pón. Facer unha intervención dun rescate o un secuestro temporal para poñer as cousas en orde e despois volver a entregar á empresa, intervila definitivamente ata que remate o contrato, se defende que os servizos deben ser de xestión directa, tanto no tema da Aqualia, e o tema da piscina é claro. Fala de facelo urxentemente, habería que estudar a mellor situación para os traballadores.

Intervén o Sr. Alcalde dirixíndose a dona Katherinie que non se pode botar a culpa a unha funcionaria dos erros dos textos que enviaron vostedes. Se correxirá o que

haxa que correxir. Di que espera de todos que teñan a mesma responsabilidade que tivo o PSOE cando era voceiro no ano 2015, escoiten o que dixo o alcalde sobre o tema da piscina.

Sinala que encargou para a primeira intervención un informe ao servizo de contratación pasando a dar lectura ao mesmo, sendo do seguinte tenor literal:

“O contrato de xestión do servizo público da piscina asinouse o 31 de marzo de 2011, estando polo tanto sometido á regulación contida na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Con data 1.04.2014 asinouse a Acta de inicio da prestación do servizo.

En data 10.06.2015 autorizouse a cesión do contrato mediante unha novación subxectiva amparada pola cláusula 17 do PCAP a unha nova empresa, o que non modifica o réxime xurídico do mesmo dado que a modificación que na cesión se produce é exclusivamente de índole subxectivo .

Polo tanto, o contrato encóntrase sometido á regulación legal establecida na citada Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e nos propios pregos de cláusulas administrativas e de condicións técnicas.

Aos efectos da cuestión de fondo a que se refire o presente informe, compre sinalar que a cláusula 19 do PCAP establece:

Sen prexuízo do indicado na cláusula precedente, e ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 262 a 264 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP. Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A este respecto, a cláusula 29 establece que entre outras terá a consideración de infracción moi grave a de paralizar a prestación dos servizos por un prazo superior a un día, sempre que non existise causa de forza maior.

En principio, esta parece a causa mais directa para proceder á resolución do contrato no caso de chegar a producirse.

Por outra banda, a resolución esixiría a tramitación previa dun procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos. A competencia para a adopción do acordo corresponderíalle ao Pleno da Corporación e, dende logo sería inmediatamente executiva, pese a que quedaría suxeita ao réxime de impugnación e recursos dos acordos plenarios.

Adicionalmente a cláusula 22 establece a posibilidade do secuestro da concesión nos seguintes termos:

Se o concesionario incorrese en infraccións de carácter grave que puxeran en perigo a boa prestación do servizo público, incluída a desobediencia a ordes de modificación, a Administración poderá declarar en secuestro a concesión co fin de asegurar aquel provisionalmente.

O acordo do órgano de contratación deberá ser notificado ó concesionario, e se este, dentro do prazo que se lle fixara non corrixira a deficiencia, executarase o secuestro conforme o que ó respecto se establece nos artigos 133 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.”

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que ela que recoñeceu os seus erros e que non culpa a ningunha funcionaria do seus erros. Di que na moción piden o que consideran conforme á Lei, non só para os empregos senón para o propio funcionamento. Consideran que unha vez que non se cumpren coas obrigacións da empresa, pago das nóminas e o mantemento non se está levando a cabo como se debería de facer. Fala de ter en conta a municipalización do servizo.

Intervén D^a Isabel García manifestando que eles solicitaron que se explicara con claridade o que se ía facer cos traballadores da piscina e o mantemento da mesma. Di que non sabe se este informe xa llo ten transmitido aos traballadores ou se o vai facer nesa reunión do día 29. O que si é claro e entendible que os traballadores teñen que recibir ese compromiso para manter os seus postos de traballo. Di que en todo caso é unha información que se lles debería dar aos traballadores e as posibilidades que haxa dentro da lei. Di que proximamente se falará de Aqualia.

Intervén o D. Emilio José Sánchez dicindo que non poña en boca súa cousas que el non dixo. Di que el non dixo, non vou utilizar como ferramenta de desgaste político o tema da piscina, pero este é un tema unánime fronte dunha empresa que se está comportando como uns “piratas”. Tampouco dixo de rescatar á empresa, se se ten unha reunión o que debe facer a empresa é facerse cargo da situación, e se non pode ser, que se realizan os trámites que correspondan. El rogaría que se convoque aos portavoces para buscar unha solución rápida e urxente, o que se necesita é saír desta incertidume. Neste caso é moito máis práctico a empresa ponte. Di que eles non van ser responsables de utilizar este tema como ferramenta de desgaste.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o PSOE no ano 2015 non trouxo ningunha moción, di que el non o fixo, nin sequera declaracións, sempre dicía que o Concello fixera o seu traballo. A discreción é unha boa conselleira. Di que lle resulta curioso que o Partido Popular e Esperta Monforte!, veñan a pedir o mesmo, que se remunicipalice, e ningún momento anterior o fixeron. O Partido Popular privatiza todo o que pode, incluso aos compañeiros de pupitre e agora quere dar leccións de municipalizar os servizos. D^a Isabel Díaz fai unha mezcla na súa moción, vostede está rogando, no segundo punto coincide co Partido Popular con municipalizar. Di que este equipo de goberno e este Alcalde lamenta profundamente os impagos e as

débedas do salario dos traballadores. Di que lle agradece aos traballadores o compromiso que están manifestando de prestar o servizo, afirmando que están informados. Di que saiban os traballadores que o Concello garantizará as mesmas condicións do seu posto de traballo, porque obrigará na subrogación as mesmas condicións destes traballadores. Se os técnicos municipais consideran que se dan as circunstancias para rescatar o contrato se fará sen ningunha dúbida. A Deputación de Lugo comprou unha acción de TRAGSA para convertila en medio propio, os Concellos a través dun convenio coa Deputación poden facer o mesmo. Se chega o momento se producirá. Di que se ten encargado ao técnico de deportes que faga a través dunha empresa unha auditoría externa para saber en que condicións están as instalacións da piscina, para coñecer e elaborar o borrador do prego de cláusulas técnicas, para sacar tan pronto sexa posible o concurso. O traballo está ben enfocado e os pasos hai que dalos cando hai que dalos.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que lle alegra que vaian tomar medidas pero cre que chegan tarde. Di que eles presentan esta moción pola situación que se está vivindo. Se a empresa concesionaria non cumpre co seu cometido hai mecanismos legais para poder actuar. Sinala que o Partido Popular si que é certo que privatiza certas xestións. Dende o Partido popular consideran que é un servizo importantísimo, levanse 8 anos de xestión privada, consideran que é necesario a xestión directa polo Concello.

Intervén D^a Isabel García agradecendo a explicación do Sr. Alcalde. Manifesta que o que o decide o equipo de goberno se entera pola prensa. Di que ela foi no seu día na candidatura de D. Severino Rodríguez de 15 ou 16, ela na súa vida persoal, vai tomar viños con quen considera, considérase unha persoa normal non esnifa non vai a barras americanas, e se relaciona con quen considera na súa vida particular.

Intervén o Sr. Alcalde dirixíndose a D^a Isabel dicíndolle que acaba de meter a pata, cando acuse de algo poña nome e apelidos, chámalle a atención e se volve repetir iso, ofensas dese tipo non. Di que non faga iso, vostede non pode vir aquí e marchar de rositas. Cando acuse ten que poder demostrar. Non son oitos anos, non se dan as circunstancias para o rescate, se se deran se faría, pero como non se dan teríamos que indemnizar á empresa se se fai.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, cinco votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do partido popular e D^a Isabel García Díaz e unha abstención D. Emlio José Sánchez Iglesias.

8. MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE RELATIVA Á SITUACIÓN ACTUAL DA PISCINA MUNICIPAL

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (Grupo Mixto -Esperta Monforte) e nove abstencións (Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto- BNG), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“. Que o noso alcalde explique con claridade que pretende facer para solucionar o actual problema da piscina municipal, especialmente no relativo á continuidade do servizo e ao pagamento das nóminas atrasadas aos traballadores por parte da empresa concesionaria.

. Que en calquera caso, o Concello de Monforte opte pola remunicipalización da piscina municipal como solución e proxecto de futuro e viabilidade desta instalación”.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista, dous votos a favor do grupo mixto e catro abstencións dos concelleiros do grupo municipal do partido popular.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 26.12.2019, 30.12.2019 (2) e 17.01.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

10.DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE MOROSIDADE E CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CUARTO TRIMESTRE 2019

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2019:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

11.DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN PERÍODO MEDIO DE PAGO TERCER TRIMESTRE 2019

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2019, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 5,02.

12.DACIÓN DE CONTA INFORME DE INTERVENCIÓN PERÍODO MEDIO DE PAGO CUARTO TRIMESTRE 2019

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 4º trimestre de 2019, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 3,47.

13.ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta “in voce” realizada no pasado pleno, ¿Por qué motivo o Concello non solicitou a subvención para a atención temprana?

Resposta D^a Gloria Prada dando lectura a informe emitido los servicios sociais do Concello do seguinte tenor literal:

Desde departamento de ss ss no se valoró solicitar la subvención por siguientes motivos:

1. ***Motivo principal:*** *No se detectó en el servicio una necesidad y demanda de atención temprana (necesidades transitorias o permanentes que presentan los niños y las niñas 0-6 años con trastornos en el desarrollo o en riesgo de padecerlos, para facilitar el desarrollo de su autonomía personal y la inclusión social) que justificase crear un proyecto de un SERVICIO/UNIDAD de atención temprana desde ss ss.*

Como bien sabes,cuando se detecta una necesidad como pro ejemplo la de atención especializada gitanos,asesoramiento legal /ayudas de emergencia a emigrantes Venezuela... vemos forma de dar respuesta a traves de subvenciones/conciertos con entidades iniciativa social,etc.

Al ser una necesidad que tiene su base en un carácter sanitario/educativo quizás por ello no detecta directamente con tanta facilidad desde ss ss.Pueden ser casos aislados (aunque contrasté con compañeras y no tuvieron ningún caso en el último año)y en caso de detectarlo se deriva al pediatra, que será quien haga la primera valoración y derivará a la familia a la unidad de AT que lle

corresponda. Tampoco he recibido ninguna demanda por parte de entidad/compañeras del SERGAS que me plantease esa necesida.

2. *Hay que tener en cuenta, que nosotros somos **SERVICIOS SOCIALES COMUNITARIOS "BASICOS"** Y esta unidad sería un **SERVICIO SOCIAL COMUNITARIOS "ESPECÍFICO"** (como puede ser el CIM).*

3. *En las bases convocatoria el proyecto **debía contar con un mínimo de 3 profesionales** con titulación de pedagogía, psicopedagogía, psicología, logopedia, educación social, trabajo social, magisterio, enfermería, terapia ocupacional, fisioterapia y medicina y estar especializado en desarrollo infantil y atención temprana. Sería crear un equipo para una UNIDAD nueva de Atención temprana. Hay que tener en cuenta las prestaciones de la unidad: 1º. Diagnóstico y valoración de los trastornos de desarrollo de los/las niños/as; 2º. Desarrollo psicomotor; 3º. Desarrollo cognitivo; 4º. Desarrollo del lenguaje y comunicación; 5º. Desarrollo de la autonomía; 6º. Desarrollo del área social y afectiva; 7º. Apoyo, información, habilitación y formación de la familia."*

A rede de atención depende da Xunta de Galicia, estase a falar da creación dunha unidade en Monforte.

-ROGO DO PP PARA FACILITAR A CONCLUSIÓN DAS OBRAS DE CONEXIÓN DO PORTO SECO COA NACIONAL 120

Rogamos ao Alcalde de Monforte que se poña en contacto coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e solicite da mesma o informe favorable ao proxecto de prolongación ata a N-120 do acceso ao Porto Seco.

Resposta o Sr. Alcalde, manifestando que a Xunta debe cumprir a lei igual que os demais. A Xunta pón condicións a este Concello cando o Concello quere facer unha obra. Cando se licitou a depuradora do Porto Seco, en vez de deixarnos verter a 500 metros, obrigounos a verter a 2 km e pico, tivemos que cruzar a vía, tivemos que pagar unha fianza a ADIF, fianza á Xunta de Galicia 7.000,00 euros de fianza por cruzar unha estrada. Polo tanto non sabe de que se estrana a Xunta de Galicia, terá que cumprir a lei. Que deixe de poñer excusas para facer as obras, e se tiveran interese houberan falado coa Confederación, hai que confrontar, fala dunha norma publicada o 12 de xaneiro do 2016. Os terreos son da Xunta, inda ten ser facer a área intermodal. Di que este Concello esta cos traballos preliminares para facer a nova ponte do Malecón, xa contactamos coa Confederación para adaptar o proxecto ás condicións que sinalen. Que a conselleira que refaga o proxecto conforme á lei. Os castro anos que houbo de bipartito naquel momento cando chegan a gobernar, resulta que non estaban nin comprados os terreos. O PP leva gobernando Galicia 33, os problemas de Galicia, deberían reflexionar un pouquiño,

son 39 anos dos cales 33 son do PP. Dígalle á Sra. Conselleira que deixe de manipular e que poña o que lle dixo a confederación no proxecto e faga o que di a lei.

-ROGO DO BNG RELATIVO Á RECOLLIDA DE PLÁSTICOS DE USO AGRÍCOLA

- Que se habiliten desde o Concello os mecanismos necesarios para a recollida destes.

- Rogamos que estes mecanismos faciliten a vida das gandeiras e gandeiros do noso Concello habilitando un nº telef e/ou uns días para recollelos a domicilio.

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde que se está recollendo axeitadamente. Non sabe se o adecuado é facelo porta a porta. Estase prestando un bo servizo.

-PREGUNTAS DO BNG RELATIVA AO ESTADO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MUNICIPIO

- Está o Concello ao tanto das deficiencias que presentan?

-Hai proxectada algunha actuación para subsanar estas deficiencias?

Resposta o Sr. Alcalde

Manifestando o Sr. Alcalde, o campo da Pinguela é municipal, o campo Luis Bodegas é municipal, da Xunta son o dos colexios, non é o mesmo o colexio río Cabe, que o colexio da Gándara, aquí temos obrigación do mantemento, no pavillón do río Cabe e Daviña Rei, iso non é obrigación do Concello, e ensinanza secundaria. Sabemos que, se levantou unha uralita no teito, di que a el a Xunta non lle dixo nada que ían arranxalo. Di que o Concello non ten obrigación de manter o pavillón dos institutos.

Rogo “in voce” do concelleiro D. Emilio José Sánchez dicindo que a páxina web do Concello está en dous idiomas, que se poña nun só idioma, o galego.

-ROGO ESPERTA MONFORTE! SOBRE EMBARCADOIRO DE DOADE

Que o Sr. Alcalde faga chegar ao presidente da Deputación a conveniencia de manter a denominación histórica do embarcadoiro en aras de crear facilidades e non complicación saos numerosos visitantes e usuarios desas rutas fluviais. A denominación que propoñemos e non crearía problemas sería “embarcadoiro de Doade-Concello de Monforte de Lemos”.

Resposta o Sr. Alcalde valorando a ironía de D^a Isabel. Vostede di que non beneficia para nada ao Concello de Monforte, poñer as cousas en regra

regularizalas non beneficia ao Concello? Qué intereses defende vostede? A verdade non sabe ata onde quere chegar. A verdade é que descoñece como son as relacións entre o alcalde e o presidente da Deputación, pero está convencido de que os dous queren ir eliminando as chapuzas que hai no camiño. O alcalde de Monforte defende os intereses do Concello de Monforte, o que é de Monforte debe ser de Monforte. Igual que cando querían cuestionar parte do polígono o defendeu, cre que xa se está moi cerca de que iso se resolva, os informes están feitos, e aínda non resolveron, unha cousa moi rara. Os intereses do Concello vanse defender e iso será bo para Monforte. Di vostede que leva 30 anos, se leva 30 anos mal haberá que correxilo, Franco votou 40 e non quere dicir que estivera ben. Non hai ningunha confusión, salvo as que pretenden crear algúns, vanse facer as cousas como as hai que facer. Xa verá como a final de ano, irán no Catamarán as mesmas persoas, xa verá como non hai esa confusión. Pregunta donde está o problema? Asegura que non vai haber ningunha merma no número de persoas que van ir no catamarán. O que vostede propón é sencillamente irregular, porque cómo imos sinalizar nós que Doade pertence ao Concello de Monforte de Lemos. Iso é ilegal, porque Doade non é de Monforte de Lemos, non podemos poñer unha sinalización ilegal, a ubicación é en Marcelle do Concello de Monforte de Lemos. As viñas que hai por riba chámanse “ribeira de Lemos”. Sería conveniente que cando se informa, pois hai que informar ben porque non hai ningún trozo de terreo de Monforte bordeado con territorio de Sober. Monforte rodea un trozo de terreo de Sober. Os lindes legais son os que proceden da lei civil non da lei eclesiástica. A diocese de Lugo inclúe varios Concellos da provincia de Pontevedra, e inclúe o Concello da Golada, o Concello de Rodeiro, o Concello de Lalín e o concello de Silleda, eses catro Concellos pertencen á diocese de Lugo, non por iso iso ninguén di que pertencen ao Concello de Lugo. O que se fixo foi regularizar algo que levaba moitos anos e pon fin vaise poñer ben, e non se fixo soamente iso, alí estase vertendo ao río, o importante é facer unha depuradora para que deixe de verter ao río. O realmente importante é centrarse no importante.

-PREGUNTA ESPERTA MONFORTE!

1) Porque non ten nomeados os novos membros do Consello municipal de saúde?

2) Cando pensa facelo? Pode ser que lle estea faltando tempo de atención a este Concello?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que el está neste Concello cando hai que estar, e estar noutros lugares beneficia ao Concello de Monforte.

Intervén D^a Gloria Prada respostando sobre o Consello de Saúde, sinalando que os membros do consello xa están nomeados son os mesmos do 21.02.2019 a excepción do partido popular, agora mesmo é D^a Katherinie Varela. Todos os membros son os mesmos, a excepción de D^a Katherinie Varela e que non existe o

grupo dos non adscritos. En breve terase unha convocatoria para a reunión ordinaria segundo marca o regulamento.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as once horas e vinteoito minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,